



PROGRAMA DE AXUDAS A CREACIÓN DE EMPRESAS CONCELLO DE VILAGARCÍA 2025

OBXECTO E FINALIDADE

As presentes bases teñen por finalidade convocar o **PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS** no ámbito do Concello de Vilagarcía de Arousa, para o exercicio 2025.

O artigo 25 da Lei 7/85, Reguladora de bases de réxime local, indica que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños da localidade.

En sentido similar se pronuncia o artigo 80 da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia, que sinala, entre outras, competencias na participación da formación de activos e desempregados.

Pola súa banda o artigo 86 da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia contempla a posibilidade do exercicio por parte do municipio de actividades complementarias das propias doutras Administracións Públicas e, en concreto, a de ocupación e loita contra o paro.

Sobre a base destas competencias, o Concello de Vilagarcía continúa coas medidas de pulo á actividade económica e empresarial favorecendo o emprendemento e a creación de creación de empresas mediante axudas económicas directas para facer fronte aos gastos iniciais inherentes a posta en marcha das mesmas.

RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

As **axudas son a fondo perdido** e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos iniciais de posta en marcha da actividade.

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de **concorrenncia non competitiva** de acordo co establecido na lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, que no seu artigo 19.2 establece que as bases reguladoras poderán exceptuar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa preciso realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento **ata o esgotamento do crédito orzamentario** coas garantías previstas no artigo 31.4 da presente lei.

BASE PRIMEIRA. BENEFICIARIOS

BENEFICIARIOS

Poderán acollerse a estas axudas as/os empresarias/os individuais e as micropemes segundo a definición establecida no ANEXO I do Regulamento nº 651/2014 da Comisión Europea, independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o **31 de outubro de 2024** e o **30 de outubro de 2025** (entendendo por inicio da actividade a data de alta no I.A.E.)

REQUISITOS XERAIS DOS BENEFICIARIOS

- Que a empresa estea **radicada no concello de Vilagarcía de Arousa**.
- Que sexan empresas de **nova creación**, considerando incluídos neste concepto os traspasos de negocio, exceptuando aqueles traspasos que se realicen entre cónxuxes, parellas de feito e familiares por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o segundo grao inclusive, así como as transformacións de forma xurídica.
- Inclúense no ámbito subvencionable os supostos en que se teña producido o relevo xeracional por xubilación e/ou falecemento do titular, mediante a transmisión do negocio aos cónxuxes ou parellas de feito e familiares por consanguinidade, afinidade ou adopción, ate o segundo grao inclusive, así como a empregados do negocio.
- Que, como mínimo, unha das persoas promotoras estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial e crear alomenos o seu propio posto de traballo en calquera das formas xurídicas existentes.



- Esta circunstancia de estar en situación de desemprego non será exixible no suposto de relevo xeracional nin cando a transmisión sexa a empregados do negocio.
- Non ter débedas coa Seguridade Social, Facenda da CA (ATRIGA) e a AEAT.
- Non ter débedas co Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Non poderán obter a condición de beneficiarias/os, as/os empresarias/os e as empresas nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 parágrafos 2 e 3 da lei de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

BASE SEGUNDA. CONTÍA E GASTOS SUBVENCIONABLES

CONTÍA

O importe das axudas consistirá nunha **contía fixa** equivalente **á metade dos gastos iniciais de posta en marcha da actividade**, cun **máximo de 2.500 €** por empresa, con obriga de manterse de alta no Réxime correspondente da Seguridade Social, como mínimo, durante un período de **dous anos** contados dende a data de solicitude de axuda.

GASTOS SUBVENCIONABLES

Só poderán ser obxecto de subvención os gastos, debidamente xustificados, directamente relacionados coa actividade, realizados dende dous meses antes do seu inicio, ata a data de presentación da solicitude de axuda.

A) GASTOS DE CONSTITUCIÓN.

Será subvencionable o **50% dos seguintes gastos** xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:

- A.1.** Visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos.
- A.2.** Licenza de obra e licenza de apertura.
- A.3.** Alta no Rexistro Mercantil.
- A.4.** Certificación negativa do nome da sociedade.



A.5. Honorarios de notarías por escrituras públicas.

A.6. Publicación en Boletíns Oficiais.

A.7. Modelo 600 da Xunta de Galicia de constitución da empresa.

B) OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO LOCAL.

Serán subvencionables as obras de acondicionamento (obras de mantemento non inventariables) do local destinado á actividade con un **máximo de 1.000 €**.

C) EXISTENCIAS INICIAIS DE MERCADORÍAS.

Será subvencionable o **50% do custo de adquisición** de primeiras compras de mercadorías, materias primas e doutros consumibles necesarios para a posta en marcha da actividade.

D) GASTOS DE ALUGUER DE LOCAL, VEHÍCULO INDUSTRIAL, APLICACIÓNS INFORMÁTICAS

Será subvencionable o **50% do custo aluguer** de calquera destes conceptos sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa.

E) PRIMAS DE SEGUROS.

Será subvencionable o **50% do custo de contratación de seguros** directamente relacionados coa actividade empresarial (seguro do local, seguro de responsabilidade civil e, como máximo, dun vehículo, só no caso de que este último sexa imprescindible para o desenvolvemento da actividade).

F) SUBMINISTROS E GASTOS CORRENTES.

Será subvencionable o **50%** dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

F.1. Auga

F.2. Teléfono

F.3. Electricidade



F.4. Gasóleo/gasolina (só no caso de que o vehículo sexa imprescindible para o desenvolvemento da actividade)

F.5. Material de oficina

F.6. Asesoría (só cotas mensuais)

F.7. Gas

F.8. Equipos de seguridade nas súas instalacións (só cota mensual)

F.9. Publicidade

G) DEREITOS DE PROPIEDAD INDUSTRIAL.

Será subvencionable o **50%** dos seguintes dereitos:

G.1. Patentes

G.2. Modelos de utilidade

G.3. Deseño industrial

G.4. Marcas de produtos ou servizos

G.5. Nomes comerciais

G.6. Dominio de internet

G.7. Software de xestión

G.8. Deseño de páxinas ou espazos web

BASE TERCEIRA. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN, DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

PRAZO DE PRESENTACIÓN

1. O prazo de presentación de solicitudes para **as empresas que iniciaran a súa actividade entre o 31 de outubro e o 31 de decembro de 2024**, será **dende o día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria** no Boletín Oficial de Pontevedra (BOPPO), **ata o 1 de outubro de 2025**.



2. O prazo de presentación de solicitudes para as empresas que iniciaran a súa actividade entre o **1 de xaneiro e o 30 de outubro de 2025**, será **dende o día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra (BOPPO), ata o 31 de outubro de 2025**.

FORMA DE PRESENTACION

En cumprimento do disposto no artigo 14.2 e 3 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as solicitudes de axuda reguladas na presente convocatoria serán presentadas telemáticamente a través da **sede electrónica do Concello** de Vilagarcía a través do **formulario de solicitude 50003** e anexos normalizados que estarán dispoñibles no enlace seguinte:

[sede.vilagarcia.gal/catálogo de procedementos/desenvolvemento local/50003](http://sede.vilagarcia.gal/catálogo%20de%20procedementos/desenvolvemento%20local/50003)

DOCUMENTACIÓN

Xunto co formulario de solicitude e anexos debidamente cumprimentados, deberá anexarse a seguinte documentación:

1. Certificados de acharse ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, Facenda (ATRIGA) e AEAT. A certificación de estar ao corrente co Concello de Vilagarcía de Arousa, será comprobada de oficio.
2. Alta no correspondente réxime de Seguridade Social.
3. Vida laboral das/os traballadores que creen os seus propios postos de traballo.
4. Alta no IAE da/o empresaria/o individual ou empresa que solicita axuda.
5. De ser o caso, escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.
6. Facturas correspondentes aos gastos para os que se solicitou a subvención. As facturas deberán conter os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012.
7. No caso de facturas referentes a aluguer de locais, deberá presentar, xunto coa factura, o correspondente contrato de aluguer.
8. No caso de facturas referentes ao pago de seguros, deberá presentar, xunto coa factura, póliza dos mesmos.
9. Documentos bancarios de aboamento das facturas presentadas



10. Documento acreditativo do aboamento de taxas administrativas (Publicación en boletíns oficiais, inscrición en BORM, Rexistro de patentes...) relativas ao inicio da actividade indicando a contía aboada cando se solicite subvención por este concepto.
11. Certificado de titularidade de conta bancaria aos efectos do percibo da cantidade obxecto de subvención.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

A documentación complementaria **deberá presentarse por vía electrónica**. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente o Concello poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a/o interesada/o presenta a documentación complementaria de xeito presencial, requirirase para que a emende a través da súa presentación telemática. Para estes efectos considerase como data de presentación, aquela na que foi realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberá indicar a referencia do expediente e departamento responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.

Cando non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que resulte esixible, requirirase á/as persoas interesada/s para que no **prazo de dez días** resolvan a falla ou acheguen os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non se fixese, desistirase da súa solicitude, arquivándose a mesma, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

BASE CUARTA. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN.

A *Concellería de Promoción Económica* será a encargada da tramitación das solicitudes e emitirá unha proposta de concesión ou denegación das solicitudes de axuda á *Xunta de Goberno Local*.



A *Xunta de Goberno Local*, será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

De acordo co establecido no artigo 19.2 da lei 9/2007 e no correlativo artigo 31.4 o órgano competente para a tramitación do procedemento comezará a instrución dos expedientes por orde de entrada na unidade de tramitación atendendo ao disposto no artigo 16 da lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, concedendo a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito.

O órgano xestor publicará na Sede Electrónica o esgotamento da partida orzamentaria e non tramitará as solicitudes posteriores destinadas á subvención, salvo que se produza un incremento do crédito.

Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude coa intensidade prevista na BASE SEGUNDA (CONTÍA), o crédito esgotarase nela, coa porcentaxe de axuda que resulte.

No caso de coincidencia na data entre varias solicitudes e cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a todas coa intensidade da axuda solicitada, o crédito distribuirase de maneira ponderada entre as mesmas.

Conforme o artigo 68 da lei 39/2015, se a solicitude non reúne os requisitos esixidos nesta lei e na presente resolución, a persoa interesada será requirida para que nun **prazo de dez días**, contados a partir do día seguinte á recepción do devandito requirimento, **rectifique a falta** ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fixese, procederase conforme ao que determina o artigo 21 da citada lei.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse á/ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación ou non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión, indicando as causas da mesma.



Para as accións de control e seguimento, poderáselle requirir ás/aos solicitantes e beneficiarias/os a documentación necesaria, co fin de comprobar que se compren as condicións para as que foi concedida a subvención.

BASE QUINTA. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

De acordo co establecido no artigo 11 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán **obrigas das/os beneficiarias/os**, as seguintes:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- b) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicar ao órgano concedente ou a entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- e) Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da presente lei.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da presente lei.

BASE SEXTA. SEGUIMIENTO DAS AXUDAS. PROCEDEMENTO DE REINTEGRO

SEGUIMIENTO

1. A *Concellería de Promoción Económica* levará a cabo a comprobación da subvención, sen prexuízo da fiscalización que corresponda ó departamento de intervención.
2. O prazo para resolver será, como máximo, de tres meses.
3. Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a *Xunta de Goberno Local* dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición nos termos e prazo do artigo 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, en calquera momento a partir do día seguinte ao vencemento dos tres meses sen que se dite resolución expresa.
4. O acordo da *Xunta de Goberno Local*, será notificado por vía telemática a través da **Sede Electrónica do Concello**, podendo a tal efecto o interesado designar unha dirección de correo electrónico para recibir os avisos de posta a disposición de calquera notificación que se dite dentro do seu expediente.



Contra dita resolución cabe interpoñer recurso perante a xurisdición contenciosa, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa.

Asemade, poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5. Unha vez concedidas as axudas faranse efectivas nun **pagamento único**.

6. Notificada a concesión da correspondente axuda, o beneficiario deberá presentar (por vía telemática) no prazo de 20 días hábiles, unha fotografía do **cartel acreditativo** da subvención (que será subministrado pola *Concellería de Promoción Económica*), colocado en lugar visible do domicilio social da empresa.

CAUSAS E PROCEDEMENTO DE REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e exixencia do interese de demora correspondente dende o momento do abono da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención e/ou ocultando aquelas que houberan impedido a súa obtención.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo e/ou non realización da actividade obxecto de subvención.
- c) Resistencia, escusa obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación cando dela se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade da realización da actividade subvencionada ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos.



d) Procederá a perda do dereito ao cobramento das axudas, o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

e) Procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención concedida, no suposto de non estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como de ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración Pública da CCAA.

f) Procederá o reintegro total da axuda concedida no caso de incumprir a obriga de comunicar a obtención doutras axudas incompatibles.

g) Procederá o reintegro do 5% da axuda concedida no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano de concesión a solicitude doutras axudas, no caso de que estas sexan compatibles.

h) Procederá o reintegro parcial da axuda concedida no caso de non cumprir a obriga de manter a actividade durante dous anos, agás no suposto de que o peche se produza por causas debidamente comunicadas e xustificadas, non imputables ao beneficiario. A cantidade a reintegrar, de ser o caso, será proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos dous anos.

i) Procederá o reintegro parcial do 2% da axuda concedida no caso de incumprimento da obriga de cumprir coas medidas de publicidade do cofinanciamento polo Concello de Vilagarcía.

A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2000 do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións da Orde Social, e da Lei 9/2007, do 13 xuño.



PROCEDEMENTO DE REINTEGRO.

O procedemento de reintegro da subvención así como o réxime de infraccións e sancións, rexeranse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, así como polas disposicións da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e regulamento que a desenvolve.

BASE SÉTIMA. PUBLICIDADE

PUBLICIDADE DAS AXUDAS CONCEDIDAS

Á finalización do prazo de presentación de solicitudes, ou no seu caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade ás axudas concedidas, na **Base de Datos Nacional de Subvencións**

PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PÚBLICO

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria, deberán poñer no seu local un cartel, de forma visible, no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Vilagarcía de Arousa. O modelo normalizado do cartel será subministrado pola *Concellería de Promoción Económica* e estará dispoñible para a súa descarga na **Sede Electrónica do Concello- catálogo de procedementos-desenvolvemento local-programa de axudas a creación de empresas** (sede.vilagarcia.gal)

BASE OITAVA. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas só serán utilizados para comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter estas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos o Concello de Vilagarcía.

BASE NOVENA. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

De conformidade co previsto no artigo 20.8 a) da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada Base e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia.

A devandita información incluírá a contía das axudas e as sancións, que no seu caso e como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

BASE DÉCIMA. FINANCIAMENTO

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á partida orzamentaria **241-470 "Fomento de empresas – subvencións para o fomento do emprego"** do orzamento municipal vixente, **cun importe total de 60.000 €.**

Poderase ampliar o crédito e modificar a partida orzamentaria logo da declaración de dispoñibilidade do crédito nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

BASE UNDÉCIMA. ENTRADA EN VIGOR

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

O prazo de presentación de solicitudes é o especificado na BASE TERCEIRA e poderán tramitarse a partir do día seguinte á data de publicación do ESTRATO DA CONVOCATORIA no Boletín Oficial de Pontevedra BOPPO)

O Concello de Vilagarcía de Arousa quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas

Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura dixital

O Alcalde-Presidente



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Área de Promoción Económica
Desenvolvemento Local

Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 ext. 220 - F 986 501 109
CIF: P/3606000 B
tle@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es